


TRANSFORMACIÓNS NO PLANO


As figuras do plano poden ser transformadas mediante diversos criterios, que aínda que modifican ás figuras do plano, manteñen nelas todas ou parte das súas características iniciais. Sendo estas transformacións a **igualdade**, a **semellanza**, a **simetría**, a **traslación**, o **xiro** e a **equivalencia**. Nos estudiaremos só as máis usuais.

A IGUALDADE

Dúas figuras son iguais cando ao superpoñelas coinciden exactamente en forma e dimensións.



Igualdade.



Semellanza.


A SEMELLANZA

Dise que dúas figuras son semellantes cando teñen a mesma forma pero distinto tamaño.


A SIMETRÍA

A simetría é unha transformación da figura que mantén parte das características iniciais da imaxe orixinal. Podendo ser esta transformación respecto a unha recta ou a un punto. Os puntos simétricos atópanse sempre á mesma distancia do eixe ou do centro de simetría.

A **simetría axial** cúmprese ao dispoñerse a figura ao outro lado dunha **liña** chamada **eixe de simetría**, como se estivese reflexada nun espello.



Simetría axial.



Simetría central.

Na **simetría central** a figura sitúase ao outro lado dun **punto** chamado *centro de simetría*.